



# Nova Escola Galega

# OPINA

Outubro de 2014

## RECORTES, LOMCE E LINGUA

**E**ste comezo de curso foi máis desastroso cós anteriores –que xa o foran moito- porque se continúa co proceso sen fin de recortes e comeza a aplicarse a nova lei, a LOMCE. Poderíamos, outra vez, facer o relato inacabable de datos que corroboran esta cualificación tan negativa, pero farémolo doutro xeito. Imos ver catro características da situación, exemplificando e argumentando cada unha delas: a precipitación ridícula da implantación da LOMCE, as graves repercusións dos recortes, a instalación no engano á cidadanía e o agravamento da situación do galego.

### As precipitacións

As precipitacións na posta en marcha do curso serían ridículas e risibles de non se tratar de algo tan serio como a educación. O cálculo político -que non a ideoloxía, que sempre se pode defender ou cuestionar nunha sociedade democrática- leva ao goberno galego a poñer ao profesorado e o sistema en grave risco e a perder credibilidade. Non se pode entender doutra forma que, cando o curso empeza o día 10 de setembro en educación primaria, o Decreto que o regula se publique un día antes do inicio, o día 9. Ou que o que debería regular a Formación Profesional Básica (FPB) apareza no DOG do día 15 de setembro, xusto o día que deberían empezar as clases.

Diante desta situación, a cidadanía deberá pensar que a planificación da educación é algo sinxelo ou sen importancia, pois o alumnado segue nas clases e a inauguración oficial do curso fíxose con grande pompa. Non deixa a Consellaría de xustificarse dicindo que, previamente aos decretos citados, existían unhas ordes que orientaban sobre o que había que facer. Se non entendemos mal, iso significa que todo o aparato formal dun decreto (borrador, proxecto, paso polos diversos órganos consultivos, aprobación final e publicación) que garanten a participación e o rigor democrático, non teñen importancia. Polo tanto, sobran? Que democracia participativa nos debuxan?

### Os recortes

Pero máis grave, se cabe, son os dorosos recortes invisibles. Moitas veces pode parecer que lle afectan ao profesorado, que estará máis incómodo, pero que apenas terán incidencia no sistema educativo. Pois ocorre que o sistema se resente e aféctalles aos máis febles. Vexamos algunhas situacións deste principio de curso e as súas consecuencias.

- O recorte do profesorado vai impedir que existan apoios, agrupamentos, desdobres e mesmo programas de diversificación. Ademais, parecerá que é o centro quen toma a decisión de suprimilos. Os afectados serán os alumnos e alumnas que teñen máis necesidades de apoio educativo. Como reacción aos efectos destes recortes “inofensivos”, cómpre salientar e aplaudir a dimisión do equipo directivo do IES Vilar Ponte de Viveiro, evitando así que pareza que non pasa nada. De maneira inédita, a Consellaría denunciou ás familias que participaron nunha protesta polo conflito.

- Tampouco parece moi importante que a axuda para “material educativo” se converta en axuda para os “libros de texto”. Pero quen son os que non te-



ñen os libros de texto estandarizados? O alumnado con necesidades educativas, que necesita un material diferente. Outra vez os mesmos prexudicados. A última hora, a Consellaría mándalles unha nota ás direccións dos centros indicando que se lles proporcione este material ao alumnado por parte do centro e que, caso de non teren medios suficientes, que soliciten a axuda da Consellaría. Estupendo, na próxima pedirase directamente o transporte ou calquera outro servizo.

- Transfórmanse escolas pequenas de poucas persoas docentes en unitarias dunha soa, que deberá atender a alumnado de moi diversos niveis. Prexudicados? Os nenos e as nenas das zonas rurais.
- Estírase o número de alumnado por aula, tamén para aforrar profesorado; o número de alumnos e alumnas a atender dispárase, e a atención individualizada e diversa dificúltase en grande medida. Prexudicados? De novo os nenos e nenas que teñen dificultades.
- Diminúe o número de profesorado de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe de cada centro. Prexudicados? Sen comentarios.
- Os recortes afectan sempre, mesmo cando se fan en persoal coma o de servizos (coma tal, conserxes); así hai centros que non terán máis remedio que suprimir programas como PROA, dirixido ao alumnado que necesita reforzo e acompañamento fóra das horas de clase, ao non poderen permanecer abertos nos horarios nos que se desenvolven estas actividades.

Tanta mesquindade deteriora o ensino público e erosiona a igualdade de oportunidades pero, como contraste, o Goberno galego non reclama o diñeiro que se lles pagou ilegalmente aos centros do OPUS, que teñen educación segregada; a pesar de que todos os tribunais sentenciaron en contra deses concertos, que a LOMCE agora desafortunadamente legaliza, pero non retroactivamente.

*Os orzamentos do estado non auguran mellores situacións para cursos vindeiros.*

Cómpre indicar tamén que a presentación dos orzamentos por parte do goberno do estado non augura mellores situacións para cursos vindeiros, dado que os maiores recortes van afectar aos programas de cooperación coas comunidades autónomas e terán como consecuencia a eliminación do programa de creación de escolas infantís (0-3), xustificado baixo o coñecido argumento conservador que considera esta etapa como fundamentalmente asistencial, e tamén afectarán aos incentivos aos centros escolares vía contratos programa, entre outras medidas.

**Os enganos**

As acostumadas maneiras de enganar. Esta vez coa Formación Profesional Básica. Por se fose pouco grave o panorama anterior, atopámonos cun exercicio de engano e manipulación, como tan frecuen-

temente fan, para xustificar as súas leis. Así, para xustificaren o cambio dos Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI) pola FPB, os argumentos que se esgrimiron nos medios e mesmo nas páxinas da Consellaría son de denuncia. Vexamos a comparación entre a propaganda do Goberno e a realidade:

- A certificación de cualificación do 1º nivel profesional é idéntica nos dous programas, xa que logo non é verdade que sexa mellor a da FPB.
- A FPB proporciona o acceso aos Ciclos Medios de Formación Profesional, pero o PCPI facíao antes só cursando a metade dos módulos voluntarios do 2º curso, polo tanto empeora.
- Coa FPB non se consegue o título de graduado en ESO, necesítase pasar unha reválida; co PCPI conseguíase directamente o título.
- No Decreto da FPB establécense ata 30 alumnos por aula, aínda que na orde deste ano aparecen 20; cando no PCPI o límite era 15.
- Iso si, a FPB aparecerá encadrada en Clasificación Internacional Normalizada da Educación da UNESCO, no nivel CINE 3, igual que o Bacharelato e a Formación Profesional de Grao Medio; polo tanto cando se compute o alumnado con fracaso, os que cursen FPB non contarán, cousa que non ocorría co PCPI que tiña un segundo curso de carácter voluntario. Polo tanto, os alumnos perderán co cambio, pero o sistema poderá presumir de diminuír moi rapidamente os índices de fracaso. Os milagres da estatística do PP que, empeorando as cousas, pretende convencernos de que melloran.

**O deterioración, pouco disimulada, da situación do galego.**

Malia o tempo que leva en vigor o Decreto do Plurilingüismo, a Consellaría incumpre sistematicamente as obrigas relativas á avaliación da súa aplicación, nomeadamente no tocante ás previsións contidas no artigo 14.5 e nas disposicións adicionais segunda e quinta

Ao remate do pasado curso e no período estival, varios feitos evidenciaron a remoente actitude da Consellaría para lle ofrecer á sociedade datos reais derivados da aplicación do devandito decreto.

- No mes de xuño, a Mesa pola Normalización Lingüística presentou unha nova edición cos datos deste curso do "Estudo sobre a Lingua Galega nas Aulas de Educación Infantil das Cidades Galegas", informe no que a súa principal conclusión alerta dunha ínfima presenza do galego nas cidades, con datos mesmo peores cós do curso anterior. Fronte ao 3,19% do pasado curso, o uso maioritario da lingua galega está relegado xa ao 2,42% dos centros. Porcentaxe que se eleva ata o 6,57% cando se contabilizan os centros que declaran impartir un impreciso "algo en galego".
- Nese mesmo mes, a Real Academia Galega úrxelle á Xunta a avaliación da situación do galego no ensino, lembrándolle o seu desleixo neste ámbito: "Catro anos e outros tantos cursos académicos despois da entrada en vigor do dito decreto, a Xunta de Galicia continúa sen realizar as devanditas avaliacións, sen facer públicos os seus resultados e sen tomar medidas que puidesen rectificar unha deriva





en aparencia claramente desfavorable ao galego no sistema educativo, e por tanto, nas competencias e uso da lingua por parte do estudiantado. A Real Academia Galega considera que o goberno galego non debe demorar por máis tempo o cumprimento das ditas previsións legais e en consecuencia úrxeo para que realice de xeito inmediato a devandita avaliación, comunique os seus resultados á opinión pública e, no seu caso, poña en marcha as medidas tendentes a asegurar que o sistema educativo xogue o papel que ten legalmente atribuído na recuperación e normalización do idioma galego”.

A Consellaría e o propio presidente do executivo galego saen ao paso desta reclamación reiterando que nas aulas hai unha situación de equilibrio respecto das linguas e negando que a aplicación do Decreto estea contribuíndo á involución lingüística advertida pola RAG.

- En resposta a unha pregunta parlamentaria presentada por deputados do BNG, o Conselleiro achega algúns datos e avanza que estes indican que a presenza do galego nas aulas está nunha situación de “equilibrio” co castelán nos niveis da primaria, na secundaria obrigatoria e no bacharelato. Nos niveis de infantil, os datos achegados reflicten unha situación que se derivaría do respecto polo uso da lingua materna dos escolares acompañado da progresiva introdución da outra lingua cooficial.
- Por segundo ano consecutivo, as Universidades ofrécenlle á Consellaría a súa colaboración para desenvolver os compromisos de avaliación que es-

tablece o propio decreto. Nesta ocasión a nota que emite a Secretaria Xeral de Política Lingüística a través do web cuestiona as formas en que se produce o ofrecemento e aproveita para indicarlles ás universidades que se ocupen dos seus propios zapatos, evidenciando a súa incomodidade cun asunto que case parece merecer unha chamada a consultas aos reitores. Finalmente, desde esta nota ofrécense uns primeiros datos estatísticos, que en boa medida foran adiantados polo Conselleiro ao Parlamento na citada comparecencia. Velaí a radiografía básica que reflicte a situación do galego e do castelán no ensino (gráfica do fondo da páxina).

Con estes datos e desde a nota emitida reiteran a presenza equilibrada das dúas linguas no sistema educativo que, ao seu xuízo, estase manifestando como un entorno conducente ao devandito *equilibrio lingüístico*. Tocante ás competencias afirmase que: “Os resultados son moi

*semellantes en galego e en castelán e acadan nas dúas linguas o nivel do acceptable. Nos centros públicos, as diferenzas no dominio das dúas linguas poden cualificarse incluso de irrelevantes. O estudo avalía diversas subcompetencias, as subcompetencias gramatical e léxica -que son as que mellor poderían reflectir un dominio diferente das dúas linguas que manexa o alumnado- superan o nivel do acceptable nas dúas linguas”.*

A nota reitera que non existe obriga de comunicar publicamente datos, argumento que tamén manexou o Conselleiro na súa comparecencia parlamentaria, na que aludiu a un seguimento administrativo

**A RAG considera que o goberno non debe demorar por máis tempo o cumprimento das previsións legais e úrxeo para que realice a avaliación, comunique os resultados á opinión pública e poña en marcha as medidas para que o sistema educativo xogue o papel que ten atribuído na recuperación e normalización do galego.**

**GALGO NO ENSINO**

GALICIA	ED. INFANTIL		ED. PRIMARIA		ESO		BACHARELATO	
	GAL.	CAST.	GAL.	CAST.	GAL.	CAST.	GAL.	CAST.
<b>Concellos</b>								
Total	<b>47,6%</b>	<b>52,4%</b>	<b>50,9%</b>	<b>49,1%</b>	<b>47,4%</b>	<b>52,6%</b>	<b>50,4%</b>	<b>49,6%</b>
< 5000 hab.	90,6%	9,4%	52%	48%	48,6%	51,4%	51,5%	48,5%
> 5000 < 20000	60,3%	39,7%	51,3%	48,7%	47,9%	52,1%	54,3%	45,7%
< 20000 < 50000	32%	68%	51,8%	48,2%	48,2%	51,8%	51,8%	48,2%
> 50000	10,4%	89,6%	49,2%	50,8%	46%	54%	46,3%	53,7%

Fonte: SXPL

constante que lle permite asegurar o cumprimento do obxectivo do “*equilibrio lingüístico*”.

Cos escasos datos achegados pola administración non se pode concluír –agás cun acto de fe respecto do seguimento que din realizar- que se estean cumprindo as previsións contidas no decreto. Nótese que son varias as garantías que o decreto incorporaba e das que non se teñen noticias a través de informes ou da achega de datos rigorosos e completos.

– O artigo 14.5 insta á administración educativa a avaliar os proxectos lingüísticos de centro e establecer un seguimento que permita adoptar as medidas necesarias para garantir competencias nas dúas linguas oficiais. Logo de catro anos de aplicación do decreto, onde están os informes que remitan a tal avaliación? Cales foron ou, no seu caso, van ser as medidas adoptadas?

– A disposición adicional segunda obriga á Consellaría a establecer un procedemento de avaliación do nivel de competencia nas dúas linguas oficiais para primaria, como garantía da súa consecución progresiva e en igualdade para ambas linguas. Por que non se expón cal foi o procedemento seguido pola Consellaría nese “estudo” ao que fan referencia e cuxas conclusións despachan en cinco liñas?

– A disposición adicional quinta obriga a que, con periodicidade anual, a Consellaría avalíe os resultados derivados da aplicación do devandito decreto e desenvolva cantas disposicións resulten precisas para a consecución dun ensino plurilingüe e a plena aplicación da *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias*. Logo do tempo transcorrido, son estes os únicos datos que se poden ofrecer da súa aplicación a través de catro cursos? Cales foron as disposicións que se puxeron en marcha? Ou é que non hai situacións detectadas que precisen reorientación?

Os estudos sociolingüísticos sobre a realidade galega sempre recolleron situacións diferenciais atendéndolles ás singularidades territoriais ou de contexto que, non obstante, non aparecen reflicidas nos datos proporcionados pola Consellaría. Esa raquíca radiografía non ofrece ningunha aproximación á realidade diferencial que se relaciona coa tipoloxía de centros segundo sexan da rede pública ou da privada-concertada. Non se ofrecen datos que poidan revelar diferenzas nos chamados centros plurilingües ou naqueles que incorporan seccións bilingües, e nótese que hai unha marcada tendencia por parte dalgúns centros, sobre todo da rede concertada, de impartiren en inglés a materia



de Coñecemento do Medio. Tampouco se ofrecen datos sobre a situación da Formación Profesional.

Alén do tamaño dos concellos e da xa coñecida diferenza entre o ámbito rural e o urbano dá a sensación de que non existen outras variables que impliquen problemáticas que haxa que considerar. Mesmo os argumentos empregados pola Consellaría referido á xustificación da desigual presenza do galego nas aulas de infantil como extensión do respecto á presenza da lingua materna dos escolares resulta moi insuficiente se o que se pretende é que a escola teña algún papel relevante na normalización do galego e non contribúa ao seu devalo social. Precisamente unha intervención axeitada na etapa de educación infantil pode axudar a reverter algunhas situacións, tal e como indica o propio Plan Xeral, que para esta etapa recomendaba, entre outras actuacións, fomentar a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, na perspectiva de que este se converta no idioma de base da aprendizaxe escolar, ou desenvolver programas experimentais en galego para castelanfalantes, asegurando o seu rigor pedagóxico, así como o seu seguimento e avaliación.

A mínima exposición dos escolares á lingua galega que evidencian os datos nos centros urbanos non





parece unha garantía para a adquisición de competencias plenas na educación primaria. Cómpre lembrar que as eivas que se observan nesta etapa foron significadas como un ámbito prioritario de acción por parte de recoñecidos especialistas, que mesmo desaconsellaron a introdución temperá do inglés, precisamente guiados por un modelo de plurilingüismo inclusivo.

Unha intervención diferencial xa foi ensaiada, con éxito, nas cidades galegas. Intervención que contaba coa anuencia das familias, aspectos ambos que non foron considerados pola administración de suficiente valor, polo que procedeu á súa eliminación malia recoñecer que a situación da lingua galega no ensino nas cidades era moi precaria.

Enrocarse, como fai a Consellaría na defensa dun suposto equilibrio lingüístico, que só se apoia no reparto de horas para as distintas linguas, só pode implicar un absoluto descoñecemento da sociolingüística e da pedagogía que resulta de aplicación nestas situacións, ou a existencia dun plan que pretende finalidades contrarias ás establecidas na Lei de Normalización Lingüística e mesmo no propio Decreto. Lembramos que fomos moitas as voces que

cuestionamos o Decreto do Plurilingüismo desde o seu propio deseño, precisamente por entendermos que as medidas que incorporaba coutaban avances que se estaban producindo coa implementación dalgunhas das previsións contidas no *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega*, recollidas no Decreto 124/2007. Logo destes catro cursos de aplicación do novo decreto, non temos evidencia ningunha de que esta norma estea producindo efectos favorables nas competencias lingüísticas dos nosos escolares e moito menos no que atinxe á lingua galega. Advertimos, ademais, a persistencia de prexuízos e actitudes negativas respecto da nosa lingua, que o actual decreto non fai máis que alimentar. O modelo plurilingüe sobre o que se asenta a norma está servindo de coartada para incorporar novos prexuízos sobre a utilidade das linguas e, en moitas ocasións, as decisións organizativas e curriculares que se toman nos centros, amparadas nun

malentendido plurilingüismo, alentan a segregación escolar e social. A opacidade da administración respecto do seguimento da norma e a inexistencia de medidas correctoras sobre os poucos datos dos que se ofrecen -caso da educación infantil nas contornas urbanas- non fai máis que confirmar a urxente necesidade dun cambio de modelo -e, por tanto, de norma- que atenda ao mandato de progresividade na normalización da nosa lingua. De non facerse así, máis pronto que tarde, volverá repetirse a mesma cínica secuencia de responsabilizar exclusivamente ao sistema educativo da situación do idioma, logo de terlle impedido desenvolver as súas funcións neste ámbito e de coutar outras accións sociais que axuden ao sistema educativo nese cometido. A preparación deste boletín *NEG Opina* coincide no tempo coa visita da Comisión Europea das Linguas Rexionais, que avalía periodicamente o grao de cumprimento da *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias*. No ano 2011, a nosa asociación elaborou un informe e foi convidada a participar na comparecencia que a Comisión mantivo en Madrid con asociacións e institucións do ámbito lingüístico. Paradoxalmente, nesta ocasión, na que a visita é en Santiago e cando a Comisión conta cun experto galego entre os seus membros, entidades como a *Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística*, *Prolingua* ou *NEG* non foron convidadas a participar. Descoñecemos os motivos, aínda que algunha organización ten denunciado inxerencias por parte do goberno galego que, de seren certas, poden nesgar a percepción que se traslade ao *Informe da Comisión Europea*, que se presume independente. En todo caso, non parece de recibo desestimar os datos que poden achegar estas entidades con recoñecido traballo ao redor da lingua no ensino e cunha presenza no sistema educativo no traballo diario a prol da normalización. Instamos, unha vez máis, á Consellaría a realizar unha avaliación seria e rigorosa da aplicación do Decreto do Plurilingüismo e a introducir unha profunda reorientación normativa que garanta a competencia

**A mínima exposición dos escolares á lingua galega que evidencian os datos nos centros urbanos non parece unha garantía para a adquisición de competencias plenas na educación primaria.**

**O modelo plurilingüe sobre o que se asenta a norma está servindo de coartada para incorporar novos prexuízos sobre a utilidade das linguas.**

malentendido plurilingüismo, alentan a segregación escolar e social.

A opacidade da administración respecto do seguimento da norma e a inexistencia de medidas correctoras sobre os poucos datos dos que se ofrecen -caso da educación infantil nas contornas urbanas- non fai máis que confirmar a urxente necesidade dun cambio de modelo -e, por tanto, de norma- que atenda ao mandato de progresividade na normalización da nosa lingua. De non facerse así, máis pronto que tarde, volverá repetirse a mesma cínica secuencia de responsabilizar exclusivamente ao sistema educativo da situación do idioma, logo de terlle impedido desenvolver as súas funcións neste ámbito e de coutar outras accións sociais que axuden ao sistema educativo nese cometido.

A preparación deste boletín *NEG Opina* coincide no tempo coa visita da Comisión Europea das Linguas Rexionais, que avalía periodicamente o grao de cumprimento da *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias*. No ano 2011, a nosa asociación elaborou un informe e foi convidada a participar na comparecencia que a Comisión mantivo en Madrid con asociacións e institucións do ámbito lingüístico. Paradoxalmente, nesta ocasión, na que a visita é en Santiago e cando a Comisión conta cun experto galego entre os seus membros, entidades como a *Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística*, *Prolingua* ou *NEG* non foron convidadas a participar. Descoñecemos os motivos, aínda que algunha organización ten denunciado inxerencias por parte do goberno galego que, de seren certas, poden nesgar a percepción que se traslade ao *Informe da Comisión Europea*, que se presume independente. En todo caso, non parece de recibo desestimar os datos que poden achegar estas entidades con recoñecido traballo ao redor da lingua no ensino e cunha presenza no sistema educativo no traballo diario a prol da normalización. Instamos, unha vez máis, á Consellaría a realizar unha avaliación seria e rigorosa da aplicación do Decreto do Plurilingüismo e a introducir unha profunda reorientación normativa que garanta a competencia

lingüístico. Paradoxalmente, nesta ocasión, na que a visita é en Santiago e cando a Comisión conta cun experto galego entre os seus membros, entidades como a *Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística*, *Prolingua* ou *NEG* non foron convidadas a participar. Descoñecemos os motivos, aínda que algunha organización ten denunciado inxerencias por parte do goberno galego que, de seren certas, poden nesgar a percepción que se traslade ao *Informe da Comisión Europea*, que se presume independente. En todo caso, non parece de recibo desestimar os datos que poden achegar estas entidades con recoñecido traballo ao redor da lingua no ensino e cunha presenza no sistema educativo no traballo diario a prol da normalización. Instamos, unha vez máis, á Consellaría a realizar unha avaliación seria e rigorosa da aplicación do Decreto do Plurilingüismo e a introducir unha profunda reorientación normativa que garanta a competencia

motivos, aínda que algunha organización ten denunciado inxerencias por parte do goberno galego que, de seren certas, poden nesgar a percepción que se traslade ao *Informe da Comisión Europea*, que se presume independente. En todo caso, non parece de recibo desestimar os datos que poden achegar estas entidades con recoñecido traballo ao redor da lingua no ensino e cunha presenza no sistema educativo no traballo diario a prol da normalización. Instamos, unha vez máis, á Consellaría a realizar unha avaliación seria e rigorosa da aplicación do Decreto do Plurilingüismo e a introducir unha profunda reorientación normativa que garanta a competencia

praza PUBLICA

REFORMA ELECTORAL GALICIA A DEBATE POLA SANIDADE PÚBLICA

Manifestación a prol do ensino en galego

O Consello de Europa volve apañar moreas de reproches á política da Xunta co galego

GaliciaHoxe.com

Portada Galicia RSS

3.0/5

Comentar (0)

Me gusta (0)

Twitter (0)

Imprimir

APELA À RESPONSABILIDADE

A Real Academia urxe á Xunta a avaliar a situación do galego no ensino como indica o decreto do plurilingüismo

Educación nega "indicios" dunha deriva desfavorable e defende que se cumpre a normativa

elCorreoGallegoes

Portada Santiago Terras de Santiago Galicia Panorama Deportes Tendencias Opinión

El tiempo Lugares Axenda municipal Fotos espazoAbalar Gallego del año Webcams

Galicia galicia@elcorreogallego.es RSS

OFERTÓN ADSL MOVISTAR 21,32€ Iva Incl. Precio para siempre! 900 200 22 MÁS INFO movistar

0.0/5

Comentar (0)

Me gusta (0)

Tweet

Imprimir

Enviar por correo

García ve "moi mellorables" os datos de galego en infantil nas cidades e esgrime o "equilibrio" de bacharelato

O responsable de Política Lingüística di que os docentes e os centros garantan a adquisición de competencias "por igual" en ambas as dúas linguas

SERMOS GALIZA

CAPA GALIZA INTERNACIONAL COMUNIDADE SERMOS CULTURA

VOTA: ★★★★★

Carta polo galego da mocidade a Feijóo desde a Casa de Rosalía

Máis de sesenta mozos e mozas estudantes de Educación trasladáronse en tren á Casa de Rosalía para remitirle unha carta ao presidente da Xunta. "Coidamos que a lingua galega non goza de boa saúde", é o seu título.

EL PAÍS GALICIA

PORTADA INTERNACIONAL

TEMAS DEL DÍA Navantía Política urbanística Caso Pokémon Ministerio de

Educación defiende el uso mínimo del gallego en aulas urbanas de Infantil

Vázquez admite en el Parlamento gallego que el castellano es predominante en el 90% de las clases a niños de tres a seis años de las ciudades

O.J.D.: 5470 E.G.M.: 37000 Tarifa: 1476 € Área: 648 cm2 - 60%

La Opinión A Coruña

Educación arremete contra las universidades por ofrecerse a evaluar el decreto del gallego

Las instituciones académicas expresaron su preocupación por la escasa presencia del idioma en las aulas ■ La consellería les replica que se ocuparan de sus competencias

FARO DE VIGO

Local Galicia Actualidad Deportes Economía Opinión Ocio Vida y Esti

Nacional Internacional Sociedad y Cultura Sucesos Titulares Tecnología Gente Cine TV

Faro de Vigo » Sociedad y Cultura

VOTE ESTA NOTICIA ★★★★★

Discrepancias sobre la 'deriva' del uso del gallego en Educación

Sindicatos de Enseñanza ven "sintomática" la queja de la RAG sobre el idioma ■ La consellería asegura que cumple el decreto

lingüística nos escolares e permita desbotar prexuízos. Entendemos que é un dereito da comunidade educativa coñecer a incidencia das normas que regulan os distintos aspectos da educación. A lingua galega é patrimonio do conxunto da cidadanía e a súa protección e normalización unha cuestión que compromete o futuro do país e das xeracións vindeiras. A administración ten a responsabilidade de informar de maneira rigorosa para que o profesora-

do, as familias e a sociedade en xeral poidan tomar decisións conscientes e comprometérense de maneira activa co patrimonio que lles é propio. Fixéronse estes días dez anos desde a aprobación do PXNLG, un aniversario que lembra a necesidade de recuperar outros parámetros para que a nosa lingua teña un futuro aberto. Non perdamos máis tempo. ■



**PRÓXIMAS ACTIVIDADES**

**Experiencias e recursos para a normalización lingüística**  
VII Xornadas de materiais e recursos educativos  
Facultade de Ciencias da Educación (Pedagogía)  
Santiago de Compostela  
24 e 25 de outubro de 2014  
Inscripción: <http://www.nova-escola-galega.org>  
<http://www.coordinadoraendl.org>  
Organizan:  NOVA ESCOLA GALEGA  
Colaboran: 

**VII Xornadas de materiais e recursos didácticos. Experiencias e recursos para a normalización lingüística.**


Fac. de C. Ed. - Compostela, 24 e 25 de outubro.

**Xornadas de Educación Pública. Experiencias a favor da convivencia.**

Progr. Vivir xuntos, convivir - Lugo, 7 e 8 de nov.

**Recursos. Respirando alegría. Pensar ou sentir.**

6 e 7 de decembro.

**VIVIR XUNTOS, CONVIVIR**  
Programa de estudos de convivencia  
"Xornadas de educación pública. Experiencias a favor da convivencia"  
Lugo, 7 e 8 de novembro de 2014  
Colabora: 

Obradoiros de Nova Escola Galega  
**INICIACIÓN Ó CANTO E Á TÉCNICA VOCAL**  
Xaneiro-maio 2015  
Impartido por **Xiana Lastra**  
Clases semanais de hora e media  
Toda a información en: [www.nova-escola-galega.org](http://www.nova-escola-galega.org)

Obradoiros de Nova Escola Galega  
**INICIACIÓN Ó BAILE TRADICIONAL**  
Xaneiro-maio 2015  
Impartido por **Alexandre Sotelo**  
Clases semanais de hora e media  
Toda a información en: [www.nova-escola-galega.org](http://www.nova-escola-galega.org)

Obradoiros de Nova Escola Galega  
**INICIACIÓN Á FOTOGRAFÍA**  
Xaneiro-marzo 2015  
Impartido por **Mancho Rivadulla**  
Clases semanais de hora e media  
Hora de práctica en practicas ao mes  
Toda a información en: [www.nova-escola-galega.org](http://www.nova-escola-galega.org)

Obradoiros de Nova Escola Galega  
**INICIACIÓN Á PANDEIRETA**  
Abril - xuño 2015  
Toda a información en: [www.nova-escola-galega.org](http://www.nova-escola-galega.org)  
Impartido por **Olga Brañas**  
Clases semanais de hora e media  
Toda a información en: [www.nova-escola-galega.org](http://www.nova-escola-galega.org)

**ENGÁDESTES?**

ANOVANDO APRENDENDO GALEGUIZANDO  
  
**engádeste?**  


NOVA ESCOLA GALEGA vén desenvolvendo unha campaña para convidar as persoas que teñan semellantes intereses na renovación pedagóxica e na galeguización -en definitiva, na consecución dunha escola pública, democrática e galega-, para que se engadan a nós. Podedes dirixirvos á nosa sede por calquera medio que vos resulte máis doado, para terdes información máis ampla. Grazas.

**REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN**

**REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN**  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA  
**O RETO DE APRENDER NOS CÁRCERES**  
**COOPERACIÓN E DESENVOLVEMENTO**  
**APRENDEMOS CON ROSALÍA**

**Nova Escola Galega** · Rúa das Hedras, 4, 2º O · 15895 · Milladoiro - AMES (A Coruña)  
Tfno./Fax 981.56.25.77 · Apdo. 586 · [www.nova-escola-galega.org](http://www.nova-escola-galega.org) · [neg@mun-do-r.com](mailto:neg@mun-do-r.com)  
Asociación declarada de Utilidade Pública (Orde INT/2335/2008, BOE 5/8/08)